Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

# ACTA Nº 2020/08

# SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

## CELEBRACIÓN DE XEITO TELEMÁTICO,

## MÉRCORES, 17 DE XUÑO DE 2020

No día de hoxe, ás **20:40 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**
*PP (GPM do PP)*
RAMON MARTINEZ RIAL
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS
JESÚS MARTÍNEZ CASTRO (*incorpórase xa iniciada a sesión, no momento que se indica na acta)*
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*
JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO
BEATRIZ GONZALEZ BARGO
IVAN BERMUDEZ CASTRO *(PSdG-PSOE)*

*BNG (Grupo Mixto)*
ANXO MOLEDO CARREÑO

**AUSENCIAS:**
RAMÓN FIGUEROA PÉREZ (GPM do PP)

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

Parte resolutiva:

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das seguintes sesións:
   a. Ordinaria, do 31.01.2020
   b. Extraordinaria, do 14.02.2020
   c. Extraordinaria, do 09.03.2020
   d. Extraordinaria e urxente, do 08.04.2020
2. Aprobación inicial, se procede, do Crédito Extraordinario 4/2020.
3. Aprobación inicial, se procede, do Crédito Extraordinario 10/2020.
4. Aprobación inicial, se procede, do expediente expropiatorio para executar o proxecto “Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”.
5. Ratificación, se procede, das resolucións da Alcaldía de participación no POS+ Adicional 1/2020

Parte de control:

6. Dación de conta das resolucións da alcaldía da núm. 19/2020 á núm. 289/2020
7. Dación de conta do Período Medio de Pagamento do 1º trimestre 2020
8. Dación de conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL
9. Dación de conta dos informes da intervención relativos ao control interno do exercicio 2019
10. Rogos e preguntas.

## 1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SEGUINTES SESIÓNS.



A Alcaldesa comenta que vai someter a aprobación os borradores das Actas das sesións do 31.01.2020, 14.02.2020, 09.03.2020 e 08.04.2020, que foron remitidas coa convocatoria a todos os membros da Corporación.

→ *Acta da sesión plenaria ordinaria do 31.01.2020*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria ordinaria do 31.01.2020**

*Neste momento incorpórase á sesión o concelleiro do GPM D. Jesús Martínez Castro.*

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 14.02.2020*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 14.02.2020**

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 09.03.2020*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 09.03.2020**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do 08.04.2020*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do 08.04.2020**

## 2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 4/2020.

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.......................................................................................................................................................................

**PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DO CE 04/2020**

**Antecedentes administrativos:**

**Primeiro**: Dende finais do exercicio 2019 até o principio do exercicio 2020, o Concello de Lousame estivo facendo xestións para acadar financiamento para a execución do proxecto denominado *"Mellora do viario das Bouciñas a Cruido"*, dentro do Plan Hurbe.

**Segundo:** No marco desas xestións administrativas acadouse o dito financiamento, coa seguinte desagregación:

| Finaciamento | Anualidade 2020 | Anualidade 2021 |
|---|---|---|
| Xunta de Galicia | 31.506,48 | 63.967,69 |
| Concello de Lousame | 13.502,77 | 27.414,72 € |
| Total | 136.391,66 € | |

**Terceiro:** Nun primeiro momento, o investimento ía ser licitado polo Concello de Lousame. Con carácter previo á sinatura do convenio de colaboración, a Xunta de Galicia esixiu a remisión do documento contable RC que garantise a consignación orzamentaria do Concello de Lousame para o exercicio 2020 por importe de 13.502,77 €.

**Cuarto:** Para poder emitir o dito documento contable RC, foi preciso tramitar unha modificación orzamentaria. En concreto, a Transferencia de Crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, aprobada por Resolución da Alcaldía 79/2020 do 21.02.2020, MC 3/2020. Grazas a esta modificación orzamentaria, producíronse as seguintes altas e baixas no Estado de Gastos:

| | | |
|---|---|---|
| Baixa no Estado de Gastos | 150.13100 | 13.502,77 € |
| Alta no Estado de Gastos | 1532.61900 | 13.502,77 € |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A alta da MC tivo lugar no capítulo 6 (investimentos reais) xa que naquel momento temporal o Concello de Lousame ía ser a Administración encargada de licitar a inversión.

**Quinto:** Unha vez remitido o documento contable RC á Xunta de Galicia, e trala tramitación administrativa oportuna, o 15.04.2020 con Rexistro de Entrada 606 achégase o texto definitivo do Convenio de Colaboración asinado entre o Concello de Lousame e a Xunta de Galicia para a financiación deste investimento.

Na súa cláusula segunda indica que a Administración encargada de efectuar a contratación será a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**Sexto:** Á vista desta circunstancia, a dotación do crédito para a achega do Concello de Lousame debe realizarse no capítulo 7 (transferencias de capital) e non no capítulo 6 (investimentos); polo que debe deixarse sen efecto a MC 3/2020 aprobada por Resolución da Alcaldía 79/2020 do 21.02.2020.

**Sétimo:** Como no orzamento definitivo 2020 non está creada a Área de Gasto 1.7, non é posible realizar unha transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto (da aplicación 150.13100 á aplicación 1532.75000)

Por todo isto, é preciso tramitar unha modificación orzamentaria, modalidade crédito extraordinario, para dotar a achega municipal da anualidade 2020 (13.502,77 €) na aplicación orzamentaria 1532.75000, financiando tal modificación coa baixa da aplicación 150.13100.

**Oitavo** Por Providencia da Alcaldía do 02/06/2020 incóase o procedemento para tramitar a MC 04/2020, modalidade Crédito Extraordinario

**Noveno:** O 02/06/2020 a Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

**<u>Fundamentación xurídica</u>:**
**Primeiro:** O obxecto da modificación orzamentaria é a dotación de crédito para a achega municipal da anualidade 2020 (13.502,77 €) na aplicación orzamentaria 1532.75000, financiando tal modificación coa baixa da aplicación 150.13100.

**Segundo:** O crédito extraordinario será financiado mediante a baixa de créditos de gastos doutras partidas (150.13100) do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril. Para isto é preciso, con carácter previo, deixar sen efecto a MC 3/2020, que dotou o crédito na aplicación 1532.61900.

**Terceiro:** O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

| Aplicacións orzamentarias | CE 04/2020 | CD Orzm. 2020 para a finalidade da MC 4/2020 |
|---|---|---|



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | |
|---|---|---|
| 1532.75000 | 13.502,77 | 13.502,77 |

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; esta Alcaldía, no uso das súas competencias, eleva, ao **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro**: Anular a Modificación Orzamentaria 3/2020, modalidade transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, aprobada por Resolución da Alcaldía 79/2020 do 21.02.2020, que dotou a achega municipal para o investimento na aplicación 1532.61900 do Estado de Gastos.

Esta anulación producirá efectos xurídicos de xeito simultáneo á entrada en vigor da MC 4/2020, modalidade crédito extraordinario, que ten como obxecto dotar a achega municipal para o investimetno na aplicación 1532.75000 do Estado de Gastos.

**Segundo**: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **04/2020**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación mediante a baixa de créditos de gastos doutras partidas (150.13100) do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, por importe de **13.502,77 €**:

| | |
|---|---|
| Núm. expediente de MC por CE | 04/2020 |
| Importe da modificación orzamentaria | 13.502,77 € |
| Tipo de financiamento | Baixa de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas: 150.13100 |
| Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico | 1532.75000 |
| Finalidade da modificación | Dotación de crédito para a achega municipal para a execución do investimento *"Mellora do viario das Bouciñas a Cruido"*, dentro do Plan Hurbe. |

**Terceiro:** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo.

*Documento asinado dixitalmente.*
A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

"**<u>Antecedentes administrativos</u>:**

**Primeiro**: Dende finais do exercicio 2019 até o principio do exercicio 2020, o Concello de Lousame estivo facendo xestións para acadar financiamento para a execución do proxecto denominado *"Mellora do viario das Bouciñas a Cruido"*, dentro do Plan Hurbe.

**Segundo:** No marco desas xestións administrativas acadouse o dito financiamento, coa seguinte desagregación:

| Finaciamento | Anualidade 2020 | Anualidade 2021 |
|---|---|---|
| Xunta de Galicia | 31.506,48 | 63.967,69 |
| Concello de Lousame | 13.502,77 | 27.414,72 € |
| Total | 136.391,66 € | |

**Terceiro:** Nun primeiro momento, o investimento ía ser licitado polo Concello de Lousame. Con carácter previo á sinatura do convenio de colaboración, a Xunta de Galicia esixiu a remisión do documento contable RC que garantise a consignación orzamentaria do Concello de Lousame para o exercicio 2020 por importe de 13.502,77 €.

**Cuarto:** Para poder emitir o dito documento contable RC, foi preciso tramitar unha modificación orzamentaria. En concreto, a Transferencia de Crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, aprobada por Resolución da Alcaldía 79/2020 do 21.02.2020, MC 3/2020. Grazas a esta modificación orzamentaria, producíronse as seguintes altas e baixas no Estado de Gastos:



| | | |
|---|---|---|
| Baixa no Estado de Gastos | 150.13100 | 13.502,77 € |
| Alta no Estado de Gastos | 1532.61900 | 13.502,77 € |

A alta da MC tivo lugar no capítulo 6 (investimentos reais) xa que naquel momento temporal o Concello de Lousame ía ser a Administración encargada de licitar a inversión.

**Quinto:** Unha vez remitido o documento contable RC á Xunta de Galicia, e trala tramitación administrativa oportuna, o 15.04.2020 con Rexistro de Entrada 606 achégase o texto definitivo do Convenio de Colaboración asinado entre o Concello de Lousame e a Xunta de Galicia para a financiación deste investimento.

Na súa cláusula segunda indica que a Administración encargada de efectuar a contratación será a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**Sexto:** Á vista desta circunstancia, a dotación do crédito para a achega do Concello de Lousame debe realizarse no capítulo 7 (transferencias de capital) e non no capítulo 6 (investimentos); polo que debe deixarse sen efecto a MC 3/2020 aprobada por Resolución da Alcaldía 79/2020 do 21.02.2020.

**Sétimo:** Como no orzamento definitivo 2020 non está creada a Área de Gasto 1.7, non é posible realizar unha transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto (da aplicación 150.13100 á aplicación 1532.75000)

Por todo isto, é preciso tramitar unha modificación orzamentaria, modalidade crédito extraordinario, para dotar a achega municipal da anualidade 2020 (13.502,77 €) na aplicación orzamentaria 1532.75000, financiando tal modificación coa baixa da aplicación 150.13100.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Oitavo** Por Providencia da Alcaldía do 02/06/2020 incóase o procedemento para tramitar a MC 04/2020, modalidade Crédito Extraordinario

**Noveno:** O 02/06/2020 a Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

**Fundamentación xurídica:**

**Primeiro:** O obxecto da modificación orzamentaria é a dotación de crédito para a achega municipal da anualidade 2020 (13.502,77 €) na aplicación orzamentaria 1532.75000, financiando tal modificación coa baixa da aplicación 150.13100.

**Segundo:** O crédito extraordinario será financiado mediante a baixa de créditos de gastos doutras partidas (150.13100) do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril. Para isto é preciso, con carácter previo, deixar sen efecto a MC 3/2020, que dotou o crédito na aplicación 1532.61900.

**Terceiro:** O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

| Aplicacións orzamentarias | CE 04/2020 | CD Orzm. 2020 para a finalidade da MC 4/2020 |
|---|---|---|
| 1532.75000 | 13.502,77 | 13.502,77 |



Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame ACORDA**:

**Primeiro**: Anular a Modificación Orzamentaria 3/2020, modalidade transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, aprobada por Resolución da Alcaldía 79/2020 do 21.02.2020, que dotou a achega municipal para o investimento na aplicación 1532.61900 do Estado de Gastos.

Esta anulación producirá efectos xurídicos de xeito simultáneo á entrada en vigor da MC 4/2020, modalidade crédito extraordinario, que ten como obxecto dotar a achega municipal para o investimetno na aplicación 1532.75000 do Estado de Gastos.

**Segundo**: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **04/2020**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación mediante a baixa de créditos de gastos doutras partidas (150.13100) do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, por importe de **13.502,77 €**:

| | |
|---|---|
| Núm. expediente de MC por CE | 04/2020 |
| Importe da modificación orzamentaria | 13.502,77 € |
| Tipo de financiamento | Baixa de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas: 150.13100 |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | |
|---|---|
| Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico | 1532.75000 |
| Finalidade da modificación | Dotación de crédito para a achega municipal para a execución do investimento *"Mellora do viario das Bouciñas a Cruido"*, dentro do Plan Hurbe. |

**Terceiro:** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

## 3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 10/2020

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

..........................................................................................................................................................

**PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL DO CE 10/2020**

**Antecedentes administrativos:**

**Primeiro**: Por Providencia da Alcaldía do 02.03.2020 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2019.

**Segundo**: Con data de 03.03.2020 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 30/2020 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

**Terceiro**: Con data de 28.03.2020 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 31/2020 relativo ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2019.

**Cuarto**: Por Resolución da Alcaldía núm. 149/2020 do 28.03.2020 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2019.

Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2019 e o nivel de endebedamento a 31.12.2019 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **21.438,88 €**
- RLTGX de **552.608,62 €**
- Endebedamento a 31.12.2019:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Con entidades bancarias ou financeiras: **0,00 €**
- Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2019: **640.625,52 €** (Plan de Aforro e Investimento 2015; Plan de Aforro e Investimento 2016; Préstamo Provincial 2017; Préstamo Provincial 2018)

— Período Medio de Pago a Provedores a 31.03.2020: **39,96 días**

**Quinto:** Por Providencia da Alcaldía do 08/06/2020 incóase o procedemento para tramitar a MC 10/2020, modalidade Crédito Extraordinario

**Sexto:** O 08/06/2020 a Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

**Fundamentación xurídica:**

**Primeiro:** O obxecto da modificación orzamentaria é a dotación de crédito para poder executar os seguintes investimentos:

| Aplicación Orzamentaria | Investimento | Importe |
|---|---|---|
| 165 61900 | *IDAE: **Renovación luminarias**. Fase 2. IDAE: 741.817,12 + Concello: 185.454,28. Dotación do 50% da achega municipal que se executará no exercicio 2020 (3 meses)* | 92.727,14 |
| 1532 61900 | Camiño do Lagar (Croído) | 6.331,78 |
| 326 60900 | Pavimentación zonas dos patios do Colexio da Silva | 11.023,22 |
| 1532 61900 | Mellora curva no monte Revolta do Lobo (Escabia) | 30.464,92 |
| 1532 61900 | Mellora camiño en Ces | 13.699,61 |
| 160 61900 | Substitución de Depuradora en Marracín de Abaixo | 47.531,22 |
| | **Total investimentos a financiar co CE 10/2020** | **201.777,89** |

**Segundo:** O **destino** do superávit orzamentario regúlase **no artigo 32 da LOEPSF**:

*"1. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, **este destinarase**, no caso do Estado, CCAA e CCLL **a reducir o nivel de endebedamento neto**, sempre co límite do volume de endebedamento, se este fose inferior ao importe do superávit a destinar a redución da débeda"*

Pero a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, do control da débeda comercial no Sector Público,



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

introduciu unha **disposición adicional 6ª na LOEPSF** que matiza o antedito artigo 32:

*"1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás CCLL nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*
*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As CCLL deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento" ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior*
*b) No caso de que atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivésese con signo positivo e a CCLL optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a CCLL non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*
*c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a CCLL tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a) este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento este sexa financeiramente sostible. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento coma financeiramente sostible, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo. Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da CCLL de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

*(...)*

*4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*

*5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á coxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo"*



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Neste momento non existe prórroga da DA 6ª da LOEPSF relativa ao destino do superávit orzamentario correspondente ao 2019 (agás o artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, que abre unha actuación excepcional ao permitir ás Entidades Locais que destinen unha parte do seu superávit a certos gastos sociais da política de gasto 23 "Servizos Sociais e Promoción Social"); polo que o destino do superávit orzamentario debe cinguirse exclusivamente ao previsto no artigo 32 da LOEPSF.

Por outra banda, a data de 31/12/2019, o Concello de Lousame non ten vixente ningunha operación de endebedamento a longo prazo con entidades bancarias. As únicas operacións de endebedamento vixentes a día de hoxe son as derivadas dos Préstamos Provinciais outorgados pola Excma. Deputación Provincial da Coruña nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

Tendo en conta estes parámetros, a Secretaria-Interventora do Concello (con ocasión da elaboración da liquidación do orzamento do 2018) formulou consulta ao Servizo de Asistencia Económica a Municipios da Deputación da Coruña, preguntando se o Concello de Lousame entraba no ámbito de aplicación do artigo 32 da LOEPSF e polo tanto tiña que destinar o seu superávit a reducir as cantidades adebedadas á propia Deputación Provincial por mor dos Préstamos Provinciais dos anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

O 06.02.2019 o Interventor Adxunto do SAEM emitiu informe no seguinte sentido:

*<<En contestación a su consulta, paso a realizar las siguientes consideraciones:*

***Primera.***

*Para que le ayuntamiento se encuentre en el ámbito de aplicación del **artículo 32** de la **LOEPYSF** debe tener deuda viva en los términos de **Procedimiento de Déficit Excesivo (PDE)**, **no teniendo tal consideración las obligaciones representadas por activos financieros en manos de otras Administraciones Públicas**, **salvo** la derivada de los mecanismos de **pagos a proveedores y dema´s mecanismos extraordinarios de financiación** arbitrados en el marco de la DA 1ª de la LOEPYSF como deuda PDE, por la Disposición Adicional Única de la Ley 4/2012.*

*En consecuencia, si la única deuda viva es la derivada de los Planes Provinciales mencionados en su consulta, el ayuntamiento **no** se encontraría en el **ámbito de aplicación del artículo 32 de la LOEPSYF** por no tener ésta naturaleza de "deuda pública" en los términos de Procedimiento de Déficit Excesivo.*

***Segunda.***

*En cualquier caso, y **siempre que se prorroguen de manera expresa los efectos de la Disposición Adicional 6ª de la LOEPYSF para 2019** en los términos del 2018, como se establece por la Subdirección General de Estudios y Financiación de las EELL, "cabría entender que es adecuado a derecho y acorde al espíritu de la LOESPSF posibilitar que las entidades locales que carezcan de deuda financiera pero cumplan los requisitos de la DA 6ª puedan aplicar el superávit a los fines definidos en la citada DA 6ª con todos los efectos regulados en la misma" (...)>>*



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Polo tanto, o Concello de Lousame non entraría no ámbito de aplicación do artigo 32 da LOEPSF, por non ter os Préstamos Provinciais natureza de "débeda pública" nos termos do Procedemento de Déficit Excesivo. Isto implica que a utilización do RLTGX non está afectado á redución de endebedamento. Máis no caso de prorrogarse a DA6ª da LOEPSF podería utilizarse para algún dos fins previstos nela:

1 Cancelación de facturas/documentos xustificativos de gasto incluídos na conta 4130 a 31.12.2019
2 Realización de investimentos financeiramente sostibles.

O superávit orzamentario (21.438,88 €) xa foi empregado na MC 6/2020, modalidade crédito extraordinario, e o seu destino foi sufragar parte das facturas que a 31/12/2019 quedaron na conta 4130 *"Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"*.

**Terceiro:** Para o Concello é prioritario proceder á execución no exercicio 2020 dos investimentos antes sinalados.

Un deses investimentos é o denominado "*Renovación de luminarias. Fase 2*" financiado parcialmente polo IDAE. No orzamento 2020 está prevista a execución deste investimento do seguinte xeito:

- Para ser executado ao 100% no exercicio 2020.
- A achega municipal sería financiada con cargo a unha operación de endebedamento a longo prazo prevista no propio Orzamento.

Sen embargo, á vista do Remanente Líquido de Tesourería resultante da liquidación do orzamento 2019 e á paralización da actividade contractual provocada pola crise sanitaria do Covid-19 (que fai imposible que o investimento poida ser licitado e executado ao 100% no ano 2020) é preciso replantexar a execución deste proxecto de gasto, do seguinte xeito: 12

- O proxecto de gasto será executado en 2 anualidades: 50% no exercicio 2020 (3 meses) e 50% no exercicio 2021 (3 meses)
- A achega municipal para o 2020 (50% da achega municipal total) será financiada con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais; o que supón o aforro dos custos financeiros que toda operación de endebedamento implica.

**Cuarto:** A modificación de crédito **10/2020** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2019, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

**Quinto:** O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:

| Aplicacións orzamentarias | CE 10/2020 | CD Orzm. 2020 para a finalidade da MC 10/2020 |
|---|---|---|
| 1532 61900 | 50.496,31 | 50.496,31 |
| 160 61900 | 47.531,22 | 47.531,22 |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | |
|---|---|---|
| 165 61900 | 92.727,14 | 92.727,14 |
| 326 60900 | 11.023,22 | 11.023,22 |
| Totais | 201.777,89 | 201.777,89 |

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; esta Alcaldía, no uso das súas competencias, eleva, ao **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro**: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **10/2020**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **201.777,89 €**:

| | |
|---|---|
| Núm. expediente de MC por CE | 10/2020 |
| Importe da modificación orzamentaria | 201.777,89 € |
| Tipo de financiamento | Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX |
| Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico | 1532 61900: 50.496,31<br>160 61900: 47.531,22<br>165 61900: 92.727,14<br>326 60900: 11.023,22 |
| Finalidade da modificación | Execución de investimentos |



**Segundo:** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo.

*Documento asinado dixitalmente.*

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

.......................................................................................................................................................

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do GPM Mixto pídelle á Alcaldía que sexa máis rápida na exposición dos asuntos, porque non escoita correctamente a intervención da Alcaldía por problemas técnicos.

A Alcaldía sinala que vai a modo para que se entenda ben, pero se queren que interveña máis á presa, pois non hai ningún problema.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do GPM Mixto apunta que solicita que a Alcaldesa vaia máis rápido porque os asuntos xa foron ditaminados na Comisión Informativa... E a metade das cousas que dixo a Alcaldía non as escoitou....

Non habendo máis intervencións, a Alcaldía somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

**"Antecedentes administrativos:**

**Primeiro**: Por Providencia da Alcaldía do 02.03.2020 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2019.

**Segundo**: Con data de 03.03.2020 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 30/2020 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

**Terceiro**: Con data de 28.03.2020 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 31/2020 relativo ao cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2019.

**Cuarto**: Por Resolución da Alcaldía núm. 149/2020 do 28.03.2020 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2019.



Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2019 e o nivel de endebedamento a 31.12.2019 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **21.438,88 €**
- RLTGX de **552.608,62 €**
- Endebedamento a 31.12.2019:
  - Con entidades bancarias ou financeiras: **0,00 €**
  - Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2019: **640.625,52 €** (Plan de Aforro e Investimento 2015; Plan de Aforro e Investimento 2016; Préstamo Provincial 2017; Préstamo Provincial 2018)
- Período Medio de Pago a Provedores a 31.03.2020: **39,96 días**

**Quinto:** Por Providencia da Alcaldía do 08/06/2020 incóase o procedemento para tramitar a MC 10/2020, modalidade Crédito Extraordinario

**Sexto:** O 08/06/2020 a Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

**Fundamentación xurídica:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Primeiro:** O obxecto da modificación orzamentaria é a dotación de crédito para poder executar os seguintes investimentos:

| Aplicación Orzamentaria | Investimento | Importe |
|---|---|---|
| 165 61900 | *IDAE: **Renovación luminarias**. Fase 2. IDAE: 741.817,12 + Concello: 185.454,28. Dotación do 50% da achega municipal que se executará no exercicio 2020 (3 meses)* | 92.727,14 |
| 1532 61900 | Camiño do Lagar (Croído) | 6.331,78 |
| 326 60900 | Pavimentación zonas dos patios do Colexio da Silva | 11.023,22 |
| 1532 61900 | Mellora curva no monte Revolta do Lobo (Escabia) | 30.464,92 |
| 1532 61900 | Mellora camiño en Ces | 13.699,61 |
| 160 61900 | Substitución de Depuradora en Marracín de Abaixo | 47.531,22 |
| | **Total investimentos a financiar co CE 10/2020** | **201.777,89** |

**Segundo:** O **destino** do superávit orzamentario regúlase **no artigo 32 da LOEPSF**:

*"1. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, **este destinarase**, no caso do Estado, CCAA e CCLL **a reducir o nivel de endebedamento neto**, sempre co límite do volume de endebedamento, se este fose inferior ao importe do superávit a destinar a redución da débeda"*

Pero a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, do control da débeda comercial no Sector Público, introduciu unha **disposición adicional 6ª na LOEPSF** que matiza o antedito artigo 32:

*"1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás CCLL nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*
*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As CCLL deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento" ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior*
*b) No caso de que atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivésese con signo positivo e a CCLL optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que*



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*sexa necesario para que a CCLL non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*

c) *Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a CCLL tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a) este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento este sexa financeiramente sostible. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento coma financeiramente sostible, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo. Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da CCLL de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

*(...)*

*4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*

*5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á coxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo"*

Neste momento non existe prórroga da DA 6ª da LOEPSF relativa ao destino do superávit orzamentario correspondente ao 2019 (agás o artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, que abre unha actuación excepcional ao permitir ás Entidades Locais que destinen unha parte do seu superávit a certos gastos sociais da política de gasto 23 "Servizos Sociais e Promoción Social"); polo que o destino do superávit orzamentario debe cinguirse exclusivamente ao previsto no artigo 32 da LOEPSF.



Por outra banda, a data de 31/12/2019, o Concello de Lousame non ten vixente ningunha operación de endebedamento a longo prazo con entidades bancarias. As únicas operacións de endebedamento vixentes a día de hoxe son as derivadas dos Préstamos Provinciais outorgados pola Excma. Deputación Provincial da Coruña nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

Tendo en conta estes parámetros, a Secretaria-Interventora do Concello (con ocasión da elaboración da liquidación do orzamento do 2018) formulou consulta ao Servizo de Asistencia Económica a Municipios da Deputación da Coruña, preguntando se o Concello de Lousame entraba no ámbito de aplicación do artigo 32 da LOEPSF e polo tanto tiña que destinar o seu superávit a reducir as cantidades adebedadas á propia Deputación Provincial por mor dos Préstamos Provinciais dos anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

O 06.02.2019 o Interventor Adxunto do SAEM emitiu informe no seguinte sentido:

*<<En contestación a su consulta, paso a realizar las siguientes consideraciones:*

***Primera.***

*Para que le ayuntamiento se encuentre en el ámbito de aplicación del **artículo 32** de la **LOEPYSF** debe tener deuda viva en los términos de **Procedimiento de Déficit Excesivo (PDE)**, **no teniendo tal consideración las obligaciones representadas por activos financieros en manos de otras Administraciones Públicas**, **salvo** la derivada de los mecanismos de **pagos a proveedores y dema´s mecanismos extraordinarios de financiación** arbitrados en el marco de la DA 1º de la LOEPYSF como deuda PDE, por la Disposición Adicional Única de la Ley 4/2012.*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*En consecuencia, si la única deuda viva es la derivada de los Planes Provinciales mencionados en su consulta, el ayuntamiento **no** se encontraría en el **ámbito de aplicación del artículo 32 de la LOEPSYF** por no tener ésta naturaleza de "deuda pública" en los términos de Procedimiento de Déficit Excesivo.*

***Segunda.***

*En cualquier caso, y **siempre que se prorroguen de manera expresa los efectos de la Disposición Adicional 6ª de la LOEPYSF para 2019** en los términos del 2018, como se establece por la Subdirección General de Estudios y Financiación de las EELL, "cabría entender que es adecuado a derecho y acorde al espíritu de la LOESPSF posibilitar que las entidades locales que carezcan de deuda financiera pero cumplan los requisitos de la DA 6ª puedan aplicar el superávit a los fines definidos en la citada DA 6ª con todos los efectos regulados en la misma" (...)>>*

Polo tanto, o Concello de Lousame non entraría no ámbito de aplicación do artigo 32 da LOEPSF, por non ter os Préstamos Provinciais natureza de "débeda pública" nos termos do Procedemento de Déficit Excesivo. Isto implica que a utilización do RLTGX non está afectado á redución de endebedamento. Máis no caso de prorrogarse a DA6ª da LOEPSF podería utilizarse para algún dos fins previstos nela:

1 Cancelación de facturas/documentos xustificativos de gasto incluídos na conta 4130 a 31.12.2019
2 Realización de investimentos financeiramente sostibles.

O superávit orzamentario (21.438,88 €) xa foi empregado na MC 6/2020, modalidade crédito extraordinario, e o seu destino foi sufragar parte das facturas que a 31/12/2019 quedaron na conta 4130 *"Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"*.

**Terceiro:** Para o Concello é prioritario proceder á execución no exercicio 2020 dos investimentos antes sinalados.

Un deses investimentos é o denominado "*Renovación de luminarias. Fase 2*" financiado parcialmente polo IDAE. No orzamento 2020 está prevista a execución deste investimento do seguinte xeito:

— Para ser executado ao 100% no exercicio 2020.
— A achega municipal sería financiada con cargo a unha operación de endebedamento a longo prazo prevista no propio Orzamento.

Sen embargo, á vista do Remanente Líquido de Tesourería resultante da liquidación do orzamento 2019 e á paralización da actividade contractual provocada pola crise sanitaria do Covid-19 (que fai imposible que o investimento poida ser licitado e executado ao 100% no ano 2020) é preciso replantexar a execución deste proxecto de gasto, do seguinte xeito:

— O proxecto de gasto será executado en 2 anualidades: 50% no exercicio 2020 (3 meses) e 50% no exercicio 2021 (3 meses)
— A achega municipal para o 2020 (50% da achega municipal total) será financiada con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais; o que supón o aforro dos custos financeiros que toda operación de endebedamento implica.

**Cuarto:** A modificación de crédito **10/2020** será financiada co Remanente de Tesourería para gastos xerais (RLTGG), derivado da Liquidación do exercicio 2019, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

**Quinto:** O detalle das aplicacións orzamentarias nas que se pretende dotar crédito específico mediante a tramitación deste expediente de modificación orzamentaria son as seguintes:



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

| Aplicacións orzamentarias | CE 10/2020 | CD Orzm. 2020 para a finalidade da MC 10/2020 |
|---|---|---|
| 1532 61900 | 50.496,31 | 50.496,31 |
| 160 61900 | 47.531,22 | 47.531,22 |
| 165 61900 | 92.727,14 | 92.727,14 |
| 326 60900 | 11.023,22 | 11.023,22 |
| Totais | 201.777,89 | 201.777,89 |

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, nos artigos 35 e ss. do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da Lei de facendas locais, reguladores dos créditos extraordinarios, e o artigo 21.1 apartados f) e s) da Lei de bases do réxime local; este **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro**: A aprobación inicial da modificación de crédito núm. **10/2020**, mediante a que se dotará crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan no seguinte cadro, financiando tal modificación co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de **201.777,89 €**:

| | |
|---|---|
| Núm. expediente de MC por CE | 10/2020 |
| Importe da modificación orzamentaria | 201.777,89 € |
| Tipo de financiamento | Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. 87000 / RLTGX |
| Aplicacións orzamentarias nas que se dota crédito específico | 1532 61900: 50.496,31<br>160 61900: 47.531,22<br>165 61900: 92.727,14<br>326 60900: 11.023,22 |
| Finalidade da modificación | Execución de investimentos |

**Segundo:** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo"

## 4) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA EXECUTAR O PROXECTO "SENDEIRO DENDE PONTE SAN FRANCISCO A CARABEIRAS. PARALELO RÍO LOBO"

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.........................................................................................................................................................
.........................................................................................................................................................

**PROPOSTA DA ALCALDÍA: APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA EXECUTAR O PROXECTO "SENDEIRO DENDE PONTE SAN FRANCISCO A CARABEIRAS. PARALELO RÍO LOBO"**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<O Pleno Corporativo, á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

_Antecedentes Administrativos:_

1 Proxecto técnico denominado "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.

2 Orzamento 2020, onde figura consignación orzamentaria para o investimento, que será financiado do seguinte xeito:
   a. Agader-Deloa: 45.381,32 €
   b. Concello de Lousame: 14.488,50 €
   c. Total investimento: 59.869,62 €

3 Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020 pola que se aproba o proxecto técnico denominado "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.

4 Informe técnico relativo á valoración económica dos bens e dereitos a expropiar, que ascende a 25.390,58 €.

5 Providencia da Alcaldía do 07.06.2020, ordenando a incoación do expediente expropiatorio, emisión de documento contable RC para a expropiación e a emisión dos informes oportunos.

6 Documento contable RC do 07.06.2020, por importe de 25.390,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.60000.



7 Informe da Secretaría-Intervención núm. 97 do 07.06.2020.

_Fundamentación Xurídica:_

1 Visto o proxecto técnico denominado "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018. Este proxecto técnico inclúe a relación de titulares, bens e dereitos afectados.

2 Visto que o anterior proxecto técnico foi aprobado por Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020. E que a aprobación da relación de titulares, bens e dereitos afectados implica a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de expropiación forzosa, conforme dispoñen os artigos 90 e 94 do RD lexislativo 781/1986, do 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

Este Pleno Corporativo, de conformidade co disposto nos artigos 10 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa e concordantes do seu Regulamento, **ACORDA:**

**Primeiro:** Estimar necesaria a realización da obra denominada "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, con arranxo ao proxecto técnico aprobado, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras nel contempladas aos efectos da súa expropiación, de conformidade cos artigos 94 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril) e 10 da Lei de Expropiación Forzosa do 1954.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** Aprobar inicialmente a relación de titulares, bens e dereitos afectados incluída no proxecto da obra "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo***", redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Rojo Martínez, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RD Lexislativo, 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos mesmos aos efectos de expropiación forzosa.

**Terceiro:** Iniciar a tramitación do procedemento expropiatorio para a obtención dos bens afectados, e no cumprimento do disposto nos artigos 18 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, abrir un prazo de información pública durante quince días hábiles para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados.

Aos únicos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

A estes efectos, practicaranse as notificacións individualizadas aos interesados e darase publicidade do acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello en nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

**Cuarto:** Tramitar o procedemento expropiatorio con cargo á partida orzamentaria 432.60000 do Orzamento vixente.

**Quinto:** Delegar na Alcaldía-Presidencia as competencias que lle correspondan ao Pleno para a tramitación e execución deste procedemento expropiatorio.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**ANEXO:**
**RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS**

| *Nº FINCA* | *REFERENCIA CATASTRAL* | *TTITULAR* | *SUPERFICIE AFECTADA (m2)* | *CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA* | *SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO* | *DESTINO* | *OUTROS BENS* | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 15043B502002380000GM | FILGUEIRA ABEIJON MANUEL(HERDEIROS) | 14 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 2 | 15043B502002370000GF | DOMINGUEZ GALLARDO MERCEDES | 19 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 3 | 15043B502002360000GT | DOMINGUEZ GALLARDO MERCEDES | 42 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 4 | 15043B502002350000GL | BRAVO COLLAZO MARINA (HERDEIROS) | 35 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 5 | 15043B502002340000GP | ABEIJON ABUIN JOSE M (HERDEIROS) | 37 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 6 | 15043B502002330000GQ | ABEIJON BLANCO AURELIA | 3 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 7 | 15043B502002310000GY | BLANCO ABEIJON CARMEN RAMONA | 118 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 118 | m2 arboredo |
| 8 | 15043B502002280000GY | SOMOZA FILGUEIRA PILAR | 81 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 81 | m2 arboredo |
| 9 | 15043B502002270000GB | AGRELO CASTRO MARIA PILAR | 75 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 75 | m2 arboredo |
| 10 | 15043B502002260000GA | FILGUEIRA CANABAL MANUEL | 374 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 374 | m2 arboredo |
| 11 | 15043B502002250000GW | ABEIJON BLANCO MANUEL (HERDEIROS) | 224 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 224 | m2 arboredo |
| 12 | 15043B502002240000GH | CAAMAÑO CASTRO ISIDRO Y OTRO | 113 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 13 | 15043B502002230000GU | GONZALEZ CAMPOS JOSEFA | 168 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 14 | 15043B502002220000GZ | PEREZ RODRIGUEZ MARIA | 235 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 235 | m2 arboredo |
| 15 | 15043B502002210000GS | CES MIGUENS MANUEL Y OTRO | 58 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 58 | m2 arboredo |
| 16 | 15043B502002200000GE | MIGUENS REY JOSEFA | 39 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 39 | m2 arboredo |
| 17 | 15043B502002190000GZ | NUÑEZ VIDAL DOLORES | 208 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 208 | m2 arboredo |
| 18 | 15043B502002180000GS | CAAMAÑO LUNA JOSE MANUEL + CAAMAÑO LUNA M DOLORES | 193 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 19 | 15043B502002170000GE | GARCIA REY VICTOR (HERDEIROS) | 87 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 20 | 15043B502002160000GJ | ABEIJON BLANCO JOSEFINA | 82 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 21 | 15043B502002150000GI | FUNDACION ROMERO BLANCO MONROY | 244 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 244 | m2 arboredo |
| 22 | 15043A128005140000IS | PEÑA FILGUEIRA ADOLFO (HERDEIROS) | 70 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 70 | m2 arboredo |
| 23 | 15043A128005150000IZ | CAAMAÑO FILGUEIRA RAMON | 55 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 55 | m2 arboredo |
| 24 | 15043A128005160000IU | ABEIJON RODRIGUEZ MERCEDES | 124 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 124 | m2 arboredo |
| 25 | 15043A128005170000IH | FILGUEIRA PAIS DOLORES | 41 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 41 | m2 arboredo |
| 26 | 15043A128005180000IW | CES CAAMAÑO ROSA (HERDEIROS) | 35 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 35 | m2 arboredo |
| 27 | 15043A128005190000IA | CAAMAÑO FILGUEIRA RAMON | 27 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 27 | m2 arboredo |
| 28 | 15043A128005200000IH | SANTIAGO PENA ELADIO (HERDEIROS) | 12 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 12 | m2 arboredo |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 29 | 15043A128005210000IW | VAZQUEZ BLANCO MANUEL (HERDEIROS) | 75 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 75 | m2 arboredo |
| 30 | 15043A128005220000IA | SOMOZA TRABA EDELMIRO | 132 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 132 | m2 arboredo |
| 31 | 15043A128005230000IB | MIGUENS REY JOSEFA | 154 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 154 | m2 arboredo |
| 32 | 15043A128005240000IY | ASOC DE VECIÑOS O SOUTO DE VILAR TALLARA | 90 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 90 | m2 arboredo |
| 33 | 15043A128005250000IG | BATALLA RODRIGUEZ RAMON (HERDEIROS) | 351 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 351 | m2 arboredo |
| 34 | 15043A128005260000IQ | CASTRO CES JOSE | 215 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 215 | m2 arboredo |
| 35 | 15043A128005270000IP | ASOC DE VECIÑOS O SOUTO DE VILAR TALLARA | 370 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 370 | m2 arboredo |
| 36 | 15043B502002820000GI | FILGUEIRA PEREZ FELIPE (HERDEIROS) | 202 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 202 | m2 arboredo |
| 37 | 15043B502002830000GJ | CA GALICIA CONSELLERIA AGRICULTURA | 101 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 101 | m2 arboredo |
| 38 | 15043B502002840000GE | PEÑA FILGUEIRA ADOLFO (HERDEIROS) | 235 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 235 | m2 arboredo |
| 39 | 15043B502002850000GS | MORALES PEÑA CARMEN Y MAS | 26 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 26 | m2 arboredo |
| 40 | 15043B502002860000GZ | CAAMAÑO BARREIRO CARMEN (HERDEIROS) | 122 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 122 | m2 arboredo |
| 41 | 15043B502002870000GU | CANABAL CAAMAÑO DOMITILA (HERDEIROS) | 29 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 29 | m2 arboredo |
| 42 | 15043B502002880000GH | CASTRO FILGUEIRA MARIA | 174 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 174 | m2 arboredo |
| 43 | 15043B502002890000GW | COLLAZO GARCIA AMPARO | 249 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 249 | m2 arboredo |
| 44 | 15043A128005300000IP | FILGUEIRA CES, ANTONIO, MARÍA DEL CARMEN E MANUEL (HERDEIROS) | 15 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 15 | m2 arboredo |
| 45 | 15043A128005290000IT | DOMINGUEZ PENA, JOSE MARÍA | 216 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 216 | m2 arboredo |
| 46 | 15043A128005280000IL | CES VEIGA, MARIA ROSA | 89 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 89 | m2 arboredo |



........................................................................................................................................................................

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<O Pleno Corporativo, á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

*Antecedentes Administrativos*:

1 Proxecto técnico denominado "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2 Orzamento 2020, onde figura consignación orzamentaria para o investimento, que será financiado do seguinte xeito:
   a. Agader-Deloa: 45.381,32 €
   b. Concello de Lousame: 14.488,50 €
   c. Total investimento: 59.869,62 €

3 Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020 pola que se aproba o proxecto técnico denominado "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.

4 Informe técnico relativo á valoración económica dos bens e dereitos a expropiar, que ascende a 25.390,58 €.

5 Providencia da Alcaldía do 07.06.2020, ordenando a incoación do expediente expropiatorio, emisión de documento contable RC para a expropiación e a emisión dos informes oportunos.

6 Documento contable RC do 07.06.2020, por importe de 25.390,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.60000.

7 Informe da Secretaría-Intervención núm. 97 do 07.06.2020.

*Fundamentación Xurídica:*

1 Visto o proxecto técnico denominado "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018. Este proxecto técnico inclúe a relación de titulares, bens e dereitos afectados. 

2 Visto que o anterior proxecto técnico foi aprobado por Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020. E que a aprobación da relación de titulares, bens e dereitos afectados implica a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de expropiación forzosa, conforme dispoñen os artigos 90 e 94 do RD lexislativo 781/1986, do 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

Este Pleno Corporativo, de conformidade co disposto nos artigos 10 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa e concordantes do seu Regulamento, **ACORDA:**

**Primeiro:** Estimar necesaria a realización da obra denominada "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, con arranxo ao proxecto técnico aprobado, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras nel contempladas aos efectos da súa expropiación, de conformidade cos artigos 94 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril) e 10 da Lei de Expropiación Forzosa do 1954.

**Segundo:** Aprobar inicialmente a relación de titulares, bens e dereitos afectados incluída no proxecto da obra "***Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo"***, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Rojo Martínez, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RD Lexislativo, 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos mesmos aos efectos de expropiación forzosa.

**Terceiro:** Iniciar a tramitación do procedemento expropiatorio para a obtención dos bens afectados, e no cumprimento do disposto nos artigos 18 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, abrir un prazo de información pública durante quince días hábiles para que os titulares de dereitos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados.

Aos únicos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

A estes efectos, practicaranse as notificacións individualizadas aos interesados e darase publicidade do acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello en nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

**Cuarto:** Tramitar o procedemento expropiatorio con cargo á partida orzamentaria 432.60000 do Orzamento vixente.

**Quinto:** Delegar na Alcaldía-Presidencia as competencias que lle correspondan ao Pleno para a tramitación e execución deste procedemento expropiatorio.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## ANEXO:
## RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS

| Nº FINCA | REFERENCIA CATASTRAL | TTITULAR | SUPERFICIE AFECTADA (m2) | CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA | SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO | DESTINO | OUTROS BENS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 15043B502002380000GM | FILGUEIRA ABEIJON MANUEL(HERDEIROS) | 14 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 2 | 15043B502002370000GF | DOMINGUEZ GALLARDO MERCEDES | 19 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 3 | 15043B502002360000GT | DOMINGUEZ GALLARDO MERCEDES | 42 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 4 | 15043B502002350000GL | BRAVO COLLAZO MARINA (HERDEIROS) | 35 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 5 | 15043B502002340000GP | ABEIJON ABUIN JOSE M (HERDEIROS) | 37 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 6 | 15043B502002330000GQ | ABEIJON BLANCO AURELIA | 3 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 7 | 15043B502002310000GY | BLANCO ABEIJON CARMEN RAMONA | 118 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 118 | m2 arboredo |
| 8 | 15043B502002280000GY | SOMOZA FILGUEIRA PILAR | 81 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 81 | m2 arboredo |
| 9 | 15043B502002270000GB | AGRELO CASTRO MARIA PILAR | 75 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 75 | m2 arboredo |
| 10 | 15043B502002260000GA | FILGUEIRA CANABAL MANUEL | 374 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 374 | m2 arboredo |
| 11 | 15043B502002250000GW | ABEIJON BLANCO MANUEL (HERDEIROS) | 224 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 224 | m2 arboredo |
| 12 | 15043B502002240000GH | CAAMAÑO CASTRO ISIDRO Y OTRO | 113 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 13 | 15043B502002230000GU | GONZALEZ CAMPOS JOSEFA | 168 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 14 | 15043B502002220000GZ | PEREZ RODRIGUEZ MARIA | 235 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 235 | m2 arboredo |
| 15 | 15043B502002210000GS | CES MIGUENS MANUEL Y OTRO | 58 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 58 | m2 arboredo |
| 16 | 15043B502002200000GE | MIGUENS REY JOSEFA | 39 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 39 | m2 arboredo |
| 17 | 15043B502002190000GZ | NUÑEZ VIDAL DOLORES | 208 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 208 | m2 arboredo |
| 18 | 15043B502002180000GS | CAAMAÑO LUNA JOSE MANUEL + CAAMAÑO LUNA M DOLORES | 193 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 19 | 15043B502002170000GE | GARCIA REY VICTOR (HERDEIROS) | 87 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 20 | 15043B502002160000GJ | ABEIJON BLANCO JOSEFINA | 82 | RÚSTICO | RURAL | LABOR | | |
| 21 | 15043B502002150000GI | FUNDACION ROMERO BLANCO MONROY | 244 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 244 | m2 arboredo |
| 22 | 15043A128005140000IS | PEÑA FILGUEIRA ADOLFO (HERDEIROS) | 70 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 70 | m2 arboredo |
| 23 | 15043A128005150000IZ | CAAMAÑO FILGUEIRA RAMON | 55 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 55 | m2 arboredo |
| 24 | 15043A128005160000IU | ABEIJON RODRIGUEZ MERCEDES | 124 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 124 | m2 arboredo |
| 25 | 15043A128005170000IH | FILGUEIRA PAIS DOLORES | 41 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 41 | m2 arboredo |
| 26 | 15043A128005180000IW | CES CAAMAÑO ROSA (HERDEIROS) | 35 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 35 | m2 arboredo |
| 27 | 15043A128005190000IA | CAAMAÑO FILGUEIRA RAMON | 27 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 27 | m2 arboredo |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 28 | 15043A128005200000IH | SANTIAGO PENA ELADIO (HERDEIROS) | 12 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 12 | m2 arboredo |
| 29 | 15043A128005210000IW | VAZQUEZ BLANCO MANUEL (HERDEIROS) | 75 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 75 | m2 arboredo |
| 30 | 15043A128005220000IA | SOMOZA TRABA EDELMIRO | 132 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 132 | m2 arboredo |
| 31 | 15043A128005230000IB | MIGUENS REY JOSEFA | 154 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 154 | m2 arboredo |
| 32 | 15043A128005240000IY | ASOC DE VECIÑOS O SOUTO DE VILAR TALLARA | 90 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 90 | m2 arboredo |
| 33 | 15043A128005250000IG | BATALLA RODRIGUEZ RAMON (HERDEIROS) | 351 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 351 | m2 arboredo |
| 34 | 15043A128005260000IQ | CASTRO CES JOSE | 215 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 215 | m2 arboredo |
| 35 | 15043A128005270000IP | ASOC DE VECIÑOS O SOUTO DE VILAR TALLARA | 370 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 370 | m2 arboredo |
| 36 | 15043B502002820000GI | FILGUEIRA PEREZ FELIPE (HERDEIROS) | 202 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 202 | m2 arboredo |
| 37 | 15043B502002830000GJ | CA GALICIA CONSELLERIA AGRICULTURA | 101 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 101 | m2 arboredo |
| 38 | 15043B502002840000GE | PEÑA FILGUEIRA ADOLFO (HERDEIROS) | 235 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 235 | m2 arboredo |
| 39 | 15043B502002850000GS | MORALES PEÑA CARMEN Y MAS | 26 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 26 | m2 arboredo |
| 40 | 15043B502002860000GZ | CAAMAÑO BARREIRO CARMEN (HERDEIROS) | 122 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 122 | m2 arboredo |
| 41 | 15043B502002870000GU | CANABAL CAAMAÑO DOMITILA (HERDEIROS) | 29 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 29 | m2 arboredo |
| 42 | 15043B502002880000GH | CASTRO FILGUEIRA MARIA | 174 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 174 | m2 arboredo |
| 43 | 15043B502002890000GW | COLLAZO GARCIA AMPARO | 249 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 249 | m2 arboredo |
| 44 | 15043A128005300000IP | FILGUEIRA CES, ANTONIO, MARÍA DEL CARMEN E MANUEL (HERDEIROS) | 15 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 15 | m2 arboredo |
| 45 | 15043A128005290000IT | DOMINGUEZ PENA, JOSE MARÍA | 216 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 216 | m2 arboredo |
| 46 | 15043A128005280000IL | CES VEIGA, MARIA ROSA | 89 | RÚSTICO | RURAL | MONTE | 89 | m2 arboredo |



## 5) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ ADICIONAL 1/2020

A Alcaldía-Presidencia da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

**Mª Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, propón ao Pleno Corporativo a adopción do seguinte acordo relativo ao POS+Adicional 1/2020:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, e á vista das seguintes Resolucións da Alcaldía, que a continuación se transcriben:

— ***Resolución da Alcaldía 252/2020 do 25.05.2020***

**DECRETO DA ALCALDÍA**

Vista a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP núm.66 de 05/05/2020).

Vista a Circular específica relativa ao POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles; con entrada no Rexistro Municipal do Concello de Lousame o día 06/05/2020 e número de entrada 661; mediante a cal ao Concello de Lousame asínaselle para POS+AD 2/2020, para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles, a cantidade de 122.824,28 euros.

RESOLVO:

**PRIMEIRO:**

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2020"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| **Gastos correntes** | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 55.968,71 |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| **Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **Financiamento dos investimentos** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| **CAMIÑO DE BARGO A FONTEFRÍA** | 66.855,57 | 0 | 66.855,57 |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | 66.855,57 | 0 | 66.855,57 |

| **Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **Financiamento dos investimentos** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

**C ) Resumo:**

| **RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020** | **Financiamento** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| **Gastos correntes** | **55.968,71** | | |
| **Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **66.855,57** | **0** | **66.855,57** |
| **Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **0** | **0** | **0** |
| **TOTAL** | **122.824,28** | 0 | **122.824,28** |



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**SEGUNDO:**

De acordo co esixido na Base 5.B.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

| SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO | CONCEPTO | PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2020 (A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B) |
|---|---|---|---|---|
| Subministración de auga potable | - Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | 10.000,00 | 0 | 10.000,00 |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | **10.000,00** | **0** | **10.000,00** |
| Rede de sumidoiros | - Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | 15.000,00 | 0 | 15.000,00 |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | **15.000,00** | **0** | **15.000,00** |
| Limpeza viaria | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| Recollida domiciliaria de lixo | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| Alumeado público | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| Mantemento dos accesos aos núcleos de | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | 30.968,71 | 0 | 30.968,71 |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO | CONCEPTO | PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2020 (A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B) |
|---|---|---|---|---|
| poboación | **SUBTOTAL** | **30.968,71** | **0,00** | **30.968,71** |
| (Outro servizo obrigatorio) | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| (Outro servizo obrigatorio) | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| **T O T A L** | | **55.968,71** | **0,00** | **55.968,71** |



De este acordo darase conta e será ratificado no próximo Pleno do Concello de Lousame e presentarase posteriormente na plataforma subtel de Deputación a correspondente certificación do acordo plenario adoptado.

— ***Resolución da Alcaldía 253/2020 do 25.05.2020***

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP núm.66 de 05/05/2020).

Vista a Circular específica relativa ao POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19; con entrada no Rexistro Municipal do Concello de Lousame o día 04/05/2020 e número de entrada 643; mediante a cal ao Concello de Lousame asínaselle para POS+AD 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 a cantidade de 32.753,14 euros.

RESOLVO:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2020"** da Deputación Provincial da Coruña**, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**desta deputación,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | |
|---|---|
| Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 | 32.753,14 € |

| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19**<br>**Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020** | **PREVISIÓN DE GASTOS 2020**<br>**(A)** | **ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS**<br>**(B)** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)**<br>**(A-B)** |
|---|---|---|---|
| a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia | 3.084,05 | 0 | 3.084,05 |
| b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria | 0 | 0 | 0 |
| c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares. | 11.841,90 | 0 | 11.841,90 |
| d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados | 0 | 0 | 0 |
| e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario | 0 | 0 | 0 |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS<br>DERIVADOS DO COVID-19<br>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020 | PREVISIÓN DE GASTOS 2020<br>(A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS<br>(B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)<br>(A-B) |
|---|---|---|---|
| f)Adquisición de medios de prevención (EPI). | 6.846,16 | 0 | 6.846,16 |
| g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción. | 5.000,00 | 0 | 5.000,00 |
| h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que conten con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes | 5.847,93 | 0 | 5.847,93 |
| i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas. | 133,10 | 0 | 133,10 |
| **T O T A L** | **32.753,14** | 0 | **32.753,14** |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3.- De este acordo darase conta e será ratificado no próximo Pleno do Concello de Lousame e presentarase posteriormente na plataforma subtel de Deputación a correspondente certificación do acordo plenario adoptado.

Á vista dos antecedentes expostos, este Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro: Ratificar as Resolucións da Alcaldía núm. 252/2020 do 25.05.2020 e 253/2020 do 25.05.2020, relativas á participación do Concello de Lousame no POS+Adicional 1/2020.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Remitir certificado deste acordo plenario á Excma. Deputación da Coruña."
Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais

::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::::

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, e á vista das seguintes Resolucións da Alcaldía, que a continuación se transcriben:

— ***Resolución da Alcaldía 252/2020 do 25.05.2020***

**DECRETO DA ALCALDÍA**

Vista a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP núm.66 de 05/05/2020).

Vista a Circular específica relativa ao POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles; con entrada no Rexistro Municipal do Concello de Lousame o día 06/05/2020 e número de entrada 661; mediante a cal ao Concello de Lousame asínaselle para POS+AD 2/2020, para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles, a cantidade de 122.824,28 euros.

RESOLVO:

**PRIMEIRO:**

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

| Gastos correntes | Deputación |
|---|---|



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 55.968,71 |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| **Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **Financiamento dos investimentos** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| **CAMIÑO DE BARGO A FONTEFRÍA** | 66.855,57 | 0 | 66.855,57 |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | 66.855,57 | 0 | 66.855,57 |

| **Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **Financiamento dos investimentos** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| **TOTAL** | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

**C ) Resumo:**

| **RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020** | **Financiamento** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| **Gastos correntes** | **55.968,71** | | |
| **Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **66.855,57** | **0** | **66.855,57** |
| **Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020** | **0** | **0** | **0** |
| **TOTAL** | **122.824,28** | 0 | **122.824,28** |

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

**SEGUNDO:**

De acordo co esixido na Base 5.B.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:



| SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO | CONCEPTO | PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2020 (A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B) |
|---|---|---|---|---|
| Subministración de auga potable | - Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | 10.000,00 | 0 | 10.000,00 |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | **10.000,00** | **0** | **10.000,00** |
| Rede de sumidoiros | - Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | 15.000,00 | 0 | 15.000,00 |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | **15.000,00** | **0** | **15.000,00** |
| Limpeza viaria | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO | CONCEPTO | PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2020 (A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario) (A-B) |
|---|---|---|---|---|
| | **SUBTOTAL** | | | |
| Recollida domiciliaria de lixo | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| Alumeado público | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | 30.968,71 | 0 | 30.968,71 |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | **30.968,71** | **0,00** | **30.968,71** |
| (Outro servizo obrigatorio) | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| (Outro servizo obrigatorio) | Persoal directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | **SUBTOTAL** | | | |
| **T O T A L** | | **55.968,71** | **0,00** | **55.968,71** |



De este acordo darase conta e será ratificado no próximo Pleno do Concello de Lousame e presentarase posteriormente na plataforma subtel de Deputación a correspondente certificación do acordo plenario adoptado.

— ***Resolución da Alcaldía 253/2020 do 25.05.2020***

DECRETO DA ALCALDÍA

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Vista a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP núm.66 de 05/05/2020).

Vista a Circular específica relativa ao POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19; con entrada no Rexistro Municipal do Concello de Lousame o día 04/05/2020 e número de entrada 643; mediante a cal ao Concello de Lousame asínaselle para POS+AD 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 a cantidade de 32.753,14 euros.

RESOLVO:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2020"** da Deputación Provincial da Coruña**, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | |
|---|---|
| Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 | 32.753,14 € |



| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS<br><br>DERIVADOS DO COVID-19<br><br>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020** | **PREVISIÓN DE GASTOS 2020<br><br>(A)** | **ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS<br><br>(B)** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)** |
|---|---|---|---|
| a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia | 3.084,05 | 0 | 3.084,05 |
| b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria | 0 | 0 | 0 |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS<br><br>DERIVADOS DO COVID-19<br><br>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020 | PREVISIÓN DE GASTOS 2020<br><br>(A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS<br><br>(B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B) |
|---|---|---|---|
| c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares. | 11.841,90 | 0 | 11.841,90 |
| d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados | 0 | 0 | 0 |
| e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario | 0 | 0 | 0 |
| f)Adquisición de medios de prevención (EPI). | 6.846,16 | 0 | 6.846,16 |
| g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción. | 5.000,00 | 0 | 5.000,00 |
| h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que conten con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes | 5.847,93 | 0 | 5.847,93 |
| i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas. | 133,10 | 0 | 133,10 |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS<br><br>DERIVADOS DO COVID-19<br><br>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020 | PREVISIÓN DE GASTOS 2020<br><br>(A) | ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS<br><br>(B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B) |
|---|---|---|---|
| T O T A L | 32.753,14 | 0 | 32.753,14 |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3.- De este acordo darase conta e será ratificado no próximo Pleno do Concello de Lousame e presentarase posteriormente na plataforma subtel de Deputación a correspondente certificación do acordo plenario adoptado”

Á vista dos antecedentes expostos, este **Pleno Corporativo ACORDA**:

**Primeiro**: Ratificar as Resolucións da Alcaldía núm. 252/2020 do 25.05.2020 e 253/2020 do 25.05.2020, relativas á participación do Concello de Lousame no POS+Adicional 1/2020.

**Segundo**: Remitir certificado deste acordo plenario á Excma. Deputación da Coruña.”



## 6) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DA NÚM. 19/2020 Á NÚM. 289/2020

A Alcaldía-Presidencia da conta das Resolucións da Alcaldía da número 19 á número 289 do 2020, que foron remitidas xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

## 7) DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO DO 1º TRIMESTRE 2020

A Alcaldía-Presidencia da conta do período medio de pagamento do 1º trimestre 2020, que ascendeu a 39,96 días.

A Corporación dáse por enterada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## 8) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL

A Alcaldía-Presidencia da conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que foron remitido xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

## 9) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS AO CONTROL INTERNO EXERCIDO NO EXERCICIO 2019

A Alcaldía-Presidencia da conta dos informes da intervención relativos ao control interno exercido no exercicio 2019, que foron remitido xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.



## 10) ROGOS E PREGUNTAS

Antes de comezar a rolda de intervencións, a Alcaldía comenta aos concelleiros que está a traballar sobre varios expedientes: en primeiro lugar está estudando a posibilidade de utilizar unha parte do RLTGX para axudar ás empresas ou empregadores pequenos que teñan que adaptase ao Covid-19; tamén se está estudando facer algunha pequena inversión en equipamento; está concedida a reparación da cuberta de Lesende; chegou hoxe a resolución do APROL Rural 2020 polo que o Concello procederá á contratación; así como a cuadrilla de incendios. En canto aos socorristas, quere recordar que o contrato para a reparación da piscina municipal retrasouse por mor do Estado de Alarma provocado polo Covid-19. Estaba previsto que rematase a 30.06.2020 e finalmente a obra comezou no mes de xuño. Isto imposibilita que a piscina poida abrir este verán.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do GPM do PSdG-PSOE, pasa a formular os seus rogos e preguntas:

**1** Pregunta se a obra de Aldeagrande está entregada pola Deputación e recepcionada.

*Alcaldesa: Ela mesma, en representación dos veciños, nun caso por permitir que se botase regufallo da obra nunha finca particular, e noutro caso por desperfectos que había ou falta de remates, se puxo en contacto co técnico da Deputación que corresponde a esta zona. Este técnico estivo ausente unha tempada, e houbo que poñerse en contacto co técnico que o substituía e tardamos case un mes e pico en conseguir que viñera a esta zona. Agora xa se incorporou o técnico titular desta zona. A Alcaldesa ten pedida unha entrevista xa a outro nivel xa que lle preocupa que se continúe co seguinte tramo da obra, tal e como se comprometeu o responsable da Deputación aquí, diante de todos nós. E ademais para que se corrixa o que nesta obra non*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*quedou de todo solventado. E por outra banda recordar o perigo da ponte de Berrimes. Eses piares están construídos para soportar un peso nunha dirección; e se están construídos os piares e non está feita a outra parte, a forza para a que está construída está sendo a contraria á do seu deseño... e pode incluso prexudicarse á estrutura actual. Tamén pode ser un perigo para os visitantes que non coñecen esa zona e esas barreiras; e por último supón un inconveniente para os propios veciños de Berrimes que se queren ir a outra zona do Concello, téñense que dirixir ao sentido contrario.*

*O Sr. Paradela Busto indica que el está preguntado pola obra de Aldeagrande.*

*A Alcaldesa cre que debería facerse un escrito conxunto asinado por todos os grupos que estamos no Pleno, pedindo por favor, que se solucione isto dunha vez.*

*O Sr. Paradela Busto sinala que na Deputación teñen todas as queixas do mundo por parte do GPM do PSdG-PSOE de Lousame.*

*A Alcaldesa explica que a persoa responsable da Deputación no mes de marzo trasladou o que pasou coa empresa adxudicataria, que abandonou a obra nesas circunstancias, deixando sen pagar ás empresas subcontratistas, e que había que ir a unha liquidación do contrato. A Alcaldesa temeuse o peor, no caso de ter que ir a unha nova licitación. Pero o técnico provincial dixo que non, que polo avanzado do investimento, polo tipo de infraestrutura que era ía ser adxudicada enseguida. Que era cuestión de 15 días, máximo un mes. Pero pasou abril, maio, e está a piques de pasar xuño e non hai nada... Por iso quería trasladarlle esta situación persoalmente ao Presidente da Deputación. E ese día podo levar un escrito de apoio de todo o Pleno.*



*O Sr. Paradela di que por iso non vai haber ningún problema. O problema é que a obra pola que el pregunta leva 20 meses e aínda está sen rematar.*

*A Alcaldesa aclara que as deficiencias que ten esa obra son coñecidas polos enxeñeiros da Deputación; ela persoalmente, mentres llo permitiu a saúde, estivo todos os día visitando a obra, os enxeñeiros viñeron moitas veces a demanda do Concello para ver os problemas que había nesa obra. Pero volvemos ao mesmo caso de Berrimes... Hai empresas de todo tipo.*

**2** En Lesende segue habendo atrancos na estrada. Hai maquinaria agrícola. Tamén hai un veciño que sinala que hai un camiño público que está atrancado. Esta queixa sa veu a Pleno anteriormente. Quere saber como está este asunto.

*Alcaldesa: Irá a comprobalo, realizará as averiguacións oportunas e se están obstaculizando a vía pública comunicaráselle que teñen que retirar esa maquinaria. En canto ao camiño público, pídelle ao Sr. Paradela Busto que pase polo Departamento de Urbanismo, para comprobar cal é ese camiño público, e se lle explique cal é a situación na que está ese camiño público. E tamén habería que mirar outros camiños públicos que se pecharon, eiras que se construíron, peches vexetais que non gardan as medidas que deben gardar, etcétera.*

*Se o Sr. Paradela Busto así o quere pode facer que o equipo técnico explique nesa xuntanza de voceiros cal é a problemática existente.*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**3** Que vai pasar con Centro de Día? Vai seguir pechado? Se o día 1 de xullo abre todo, pódese ir de festa, hai verbenas... Vai abrir? Hai demandas dalgúns veciños e familiares dalgúns veciños a este respecto.

*Alcaldesa: Aínda estivo onte lendo a normativa. O Centro de Día, neste momento, non se pode abrir. Por outra banda, o Centro de Día non pode abrir para una soa persoa… Cando o Centro de Día abra, farao para todas as persoas e coas máximas garantías de seguridade. En canto aos usuarios do Centro de Día, aclarar que aqueles que quixeron (porque algún deles non quixo) estáselle prestando atención domiciliaria. Dende o Departamento de Servizos Socias estase facendo un seguimento continuo de todos os usuarios que son habitantes do Concello de Lousame. O resto de usuarios deberán acudir ao seu Concello. Todos os Concellos estamos a recibir unha partida extraordinaria de horas financiadas pola Xunta de Galicia para poder cubrir sobre todo este suposto: usuarios que quedan sen atender polo peche dos Centros de Día.*

**4** Respecto ao tema do informe da Secretaria-Interventora, as queixas son patentes, e debería facerse un esforzo por incrementar o técnico que ela pide, xa que se retrasan expedientes, non se están facendo as cousas bens. Se se queren facer as cousas ben, é preciso priorizar isto. Non sabemos nada da RPT, o ano pasado incumpriuse a Regra do Gasto, este ano non sabemos que vai pasar con iso....

*Alcaldesa: En canto ao informe da Intervención… O Sr. Paradela Busto di que a Secretaria pide a contratación doutra persoa, dun interventor…. Non sabe onde leu iso, pero un Concello como Lousame non pode ter un secretario e un interventor. Xa custou moitísimo a creación da praza dun Técnico de Administración Xeral. Nun momento pedirá que a Secretaria-Interventora aclare estas dúbidas. Respecto da RPT, dicir que o expediente estivo paralizado por mor do Covid; pero unha vez reanudados os prazos administrativos xa houbo unha reunión coa empresa encargada da súa redacción, para estudar o organigrama e continuar avanzando na súa aprobación. O Concello de Lousame é unha pequena entidade; pero aínda así licitou o subministro de enerxía eléctrica; o contrato do Servizo de Axuda no Fogar, modalidade dependencia, etc. Todo isto require un esforzo importantísimo, pero estamos dispostos a facelo. Empézanse a regularizar os contratos de maior contía económica, para pouco a pouco, ir licitando todos os servizos e subministracións repetitivas…. Pero o Concello non ten maior capacidade.*



D. Anxo Moledo Carreño, voceiro do GPM Mixto, pasa a formular os seus rogos e preguntas:

**1** Estado de Alarma rematou, pero estamos en estado de emerxencia sanitaria. Gustaríalle saber se a Alcaldesa os vai a convocar á unha comisión sobre o coronavirus, para informar sobre o que acontece en Lousame sobre o coronavirus e deixar os *"dime aquel, dime o outro"* . A Alcaldesa sempre os invita a unha xuntanza de portavoces futura, pero esa xuntanza nunca se da realizado. Durante todos estes meses só tivo lugar unha e sempre se lle está dicindo... *"para a próxima xuntanza de portavoces"*. Tamén quere saber se sería posible facer unha comisión sobre o coronavirus. Sobre todo tendo en conta o que acaba de dicir a Alcaldesa sobre a apertura dunha liña de axudas ás empresas polos gastos do Covid-19. O GPM Mixto tamén tiña unha moción para presentar nese sentido.

*Alcaldesa: En canto á celebración dunha xunta de portavoces, a Alcaldesa non ten ningún inconveniente en reunirse. A información vai ser xeral, os bulos vainos haber sempre e dende a Alcaldía nunca se van dar datos persoais. Hai Alcaldes de todos os partidos que nin tan sequera queren dar cifras concretas. Ela informará*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*aos voceiros dos GPM da situación real a día de hoxe en Lousame, que considera que é favorable no tocante ao Covid-19. Recorda que tivo informada á oposición en todo momento, sobre a limpeza que se estaba facendo, o traballo de levar produtos a quen os necesitase... Pero non ten ningún problema en ter unha nova reunión que sexa de varios temas, pero tamén falando do asunto do Covid-19.*

**2** Tamén quere saber se de cara ao vindeiro pleno podería consensuarse unha xuntanza de portavoces para poder presentar mocións. Se isto non é posible, pois poñerase en contacto co PSdG-PSOE para forzar un pleno extraordinario para levar mocións. O seu grupo leva dende xaneiro sen presentar mocións, e supón que o PSdG-PSOE tamén terá mocións para presentar. Gustaríalle ter unha xuntanza de portavoces e decidir unha sesión extraordinaria para o Pleno e poder incluír as mocións da oposición.

*Alcaldesa: Quedan xa os voceiros convocados a unha xuntanza de portavoces o vindeiro luns, ás 6 da tarde se lles é posible. Se non, buscarase outro horario. Xa o quere consensuar agora posto que saíu esta pregunta por parte do GPM Mixto. Ningún problema ao respecto. Pregunta se pode ser ás 18:00 horas o vindeiro luns.*

*O voceiro do GPM Mixto contesta que si. O voceiro do GPM PSdG-PSOE responde que en principio si.*

*A Alcaldesa indica que quedan xa convocados.*

*O voceiro do GPM Mixto pregunta se a reunión será presencial o telemática. A Alcaldesa contesta que presencial. Pero de todos os xeitos a convocatoria tamén se mandará por correo electrónico.*



Finalizada a contestación das preguntas pola Alcaldesa, pídelle á Secretaria-Interventora que responda á cuestión plantexada polo voceiro do GPM do PSdG-PSOE.

A Secretaria-Interventora cal é a concreta cuestión que debe ser contestada.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE sinala que no informe da Secretaria detállanse unha serie de funcións que non poden ser desempeñadas pola carencia de medios; e ao mellor é interesante corrixir esta disfuncionalidade. Se agora existe un remanente, en vez de facer investimentos igual se poden corrixir estas situacións.

A Secretaria-Interventora explica que os informes da intervención aos que fai referencia o Sr. Paradela son aqueles informes que deben ser emitidos no cumprimento dun cambio lexislativo que tivo lugar no ano 2017. Ese Real Decreto sinala que os órganos interventores deben realizar unhas labores de control interno dentro de cada entidade. Unhas labores tan dificultosas de levar á practica como pode ser, por exemplo: 1) o control financeiro dos beneficiarios das subvencións do Concello (é dicir, comprobar materialmente o destino dos fondos concedidos e se o obxectivo perseguido coa subvención foi alcanzado); 2) o control de cada un dos ingresos; 3) detectar en que áreas hai debilidades e adoptar medidas correctoras que as mitiguen, etc.

A queixa de carencia de medios que consta no informe non é unha crítica ao Concello de Lousame; senón que é unha posta en coñecemento da IGAE da situación real dos pequenos Concellos. A normativa de control interno trata por igual a todas as entidades: ás que teñen figuras separadas de secretario, interventor e tesoureiro e técnicos A1 e A2, con persoal suficiente para poder levar a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cabo eses controis como a aquelas entidades que non os teñen. A Secretaria-Interventora non puido facer labores de control interno no exercicio 2019. E o que trata de poñer de manifesto á IGAE é que esas labores de control interno non se levaron a cabo porque a Secretaría-Intervención tivo que desempeñar outras funcións que non son propias dun habilitado estatal. Pero que, de non ser desempeñadas, impediríase que eses expedientes fosen tramitados ou resoltos.

Por iso, a Secretaría-Intervención fixo dous informes, e nun deles ponse de manifesto a carencia de medios persoais e materiais para poder levar a cabo ese control interno. Corrixir esta situación non é doado. Por unha banda seguen existindo restricións á contratación laboral temporal e aos incrementos do cadro de persoal, pois aínda que se permita a creación de novas prazas, a súa cobertura queda condicionada ao cumprimento da taxa de reposición de efectivos.... E por outra banda, a normativa segue asignando novas funcións aos Concellos, que sen a dotación de medios materiais e persoais, son moi difíciles de poñer en práctica.

Por último o Sr. Paradela quere poñer de manifesto a necesidade de que se solucione o tema de acceso á rede no Concello de Lousame, xa que hai moitas zonas cunha deficiente conexión. E tamén se comproba dentro do propio Concello.

A Alcaldesa comenta que agora estase poñendo fibra en varias zonas do Concello. No Concello, os problemas de conexión son outros. O día da xuntanza de voceiros poderá comprobarse en persoa esta situación. O *router* subministrado pola Deputación, para que se conecte o Concello á súa rede, tamén necesita ser cambiado; porque está moi estropeado.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e corenta minutos (21:40 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.



| A ALCALDESA-PRESIDENTA | A SECRETARIA-INTERVENTORA |
|---|---|
| María Teresa Villaverde Pais | Paula Ares Otero |

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2020 22:14:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 13/07/2020 08:28:00)
Versión imprimible
CVD: 3JIjCl51W5jEIJwYQLYg
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).